

# Unidade 3 - Repaso

## Arte e cultura

<b>Compoñer</b>	Escribir pezas musicais.
<b>Compositor</b>	Alguén que escribe música.
<b>Director</b>	Quen dirixe unha orquestra ou coro.
<b>Conxunto</b>	Grupo de músicos.
<b>Interpretar</b>	Tocar ou cantar unha peza musical.
<b>Violonchelo</b>	Especie de violín grande que se toca sentado e apoiándoo no chan.
<b>Solista</b>	Músico ou cantante que toca ou canta en solitario nalgún momento.
<b>Orquestra sinfónica</b>	Grande orquestra con moitos instrumentos diferentes.
<b>Trombón</b>	Especie de trompeta grande.
<b>Tuba</b>	Instrumento metálico de vento máis grande e de son máis grave.



## Unha poesía

### RESUMO

No poema, un cabaleiro, don Roldán, loita coa súa espada contra un tremendo dragón. Tras unha dura batalla, e cando semella que o dragón vai vencer a don Roldán, morde un talismán. O dragón convértese en furacán e estoupa sobre a lagoa. Don Roldán, así, queda liberado.

### PALABRAS DIFÍCILES

catar, labareda, cordobán, van, paxe, louzán





## Falar ante un público

Para **falar ante un público** é importante **planificarmos a nosa presentación**.

1. Decidimos que **información persoal sobre nós** queremos dar e como explicamos a razón pola que nos presentamos.
2. Pensamos nas nosas **calidades**. Mencionaremos que fai que sexamos un bo candidato ou unha persoa adecuada para formar parte dun proxecto. Podemos engadir **datos curiosos**, pero de xeito breve.
3. Pensamos nos nosos **puntos débiles** e estamos preparados para **responder se nos preguntan**.

## Acentuar hiatos

Un **hiato** é un grupo de **dúas vogais** que aparecen xuntas nunha palabra, pero se pronuncian en sílabas diferentes. Para acentualos, seguimos tres pasos:

1. Separamos a palabra en sílabas.
2. Identificamos o hiato dentro da palabra e a súa sílaba tónica.
3. Analizamos a combinación de vogais:
  - **aberta + aberta**: regras xerais de acentuación
  - **aberta + pechada** ou **pechada + aberta**: acento na vogal pechada
  - **pechada + pechada**: acento na segunda vogal

## A métrica dos poemas

Para identificar a **rima** e a **métrica** dos poemas debes seguir estes pasos:

1. Fíxate se hai **sinalefas** ou palabras **esdrúxulas ao final** do verso (**restan sílabas**).
2. Fíxate se hai palabras **agudas** ou **monosílabas ao final** do verso (**suman sílabas**).
3. Ao lado do número de sílabas escribimos a **mesma letra** para os **versos que rimen** e un **guión se non riman**. A letra será **minúscula** se son de **arte menor** e **maiúscula** se son de **arte maior**.

## Formar verbos

- Usamos a **derivación verbal** para formar novos verbos a partir doutras palabras, como substantivos ou adxectivos.

peite – peitear                      falso – falsificar

- Para formar verbos, engadimos a outras palabras **suffixos** como: **-ar, -ear, -ecer, -izar, -ificar**.

debuxar                      peitear  
adormecer                      amenizar  
edificar

## As partes que forman un verbo

As **formas verbais** están formadas por dúas partes: a **raíz** e as **desinencias**.

salt – aban  
(raíz) (desinencia)

- **Raíz**: achega o significado ao verbo. A raíz é o infinitivo sen **-ar, -er, -ir**.

salt–ar  
beb–er  
viv–ir

- **Desinencia**: é a parte que vai detrás da raíz. Informa sobre a persoa, o número, o tempo e o modo.

salt–o  
salt–aban  
salt–arás

## Escribir poemas e cancións

Para **escribir un poema**:

1. Pensa o **tema**.
2. Decide:
  - o **número de estrofas**
  - o **número de versos** por estrofa
  - que versos rimarán entre si
3. Comeza a escribir a palabra á vez que vas contando as sílabas.
4. Crea **rima** entre os versos.
5. Inclúe algunha **figura literaria**: personificación, comparación, hipérbole.

